

Altamira



CONCELLO DE BRION

NADAL-1986

AÑO II

Nº 5

Director:

Juan Ramón Pais Andrade

Consello de Redacción:

Manuel Vidal Cajuso
 Afrodiscio J. Montero Vieites
 Xosé Freire Caamaño
 Xacobe Pérez Paz
 Luciano Pena Andrade
 Xosé Caramés Vázquez

SUMARIO

Editorial	2
Entrevista	3-4
Divulgación: Prevención da Subnormalidade	5
Dossier: Eleccións xerais no Concello de Brión	6-7
Noticieiro	8 a 12
Biografía: D. Pelayo Rai- mundo	13
Pasatempos	14

MARCELINO
LEMA
LOBATO
LEMA



ASERRADERO
ASTILLADORAS
MADERAS

Fábrica y Oficinas:
 Telf. (981) 883034 - Part. 590191
BASTAVALES - SANTIAGO
 (Coruña - España)

Editorial

As ardentías do mes de xullo trouguéronnos dúas novas coma dúas labazadas na cara sinalada por tantos aldraxes da cultura galega: primeiro foi o Tribunal Constitucional invalidando, por non axustarse á Constitución, o precepto contido na Lei de Normalización Lingüística de que "tódolos galegos teñen o deber de coñece-la súa lingua". Ós poucos días, asegundou o Tribunal Supremo: a chaque dunhas oposicións a auxiliares administrativos do Concello da Coruña, ven dicir que, para ser funcionario público en Galicia, non se pode esixir-lo coñecemento da lingua galega.

Para explicármonos, e sen afán de ofender, esto quer dicir: "Vostede ten a obriga de saber falar e escribir en castelán, que así o manda a Constitución, pro galego fáleo vostede cando lle pete... cas vacas. Ah, e non se lle ocorra ir falando galego ás oficinas municipais, ó seu médico de cabeceira ou ó Xulgado para amañar calquera asunto: o funcionario que o atende pode non entendelo... e vai listo. Vostede ten todo o dereito que se queira a emprega-lo galego, pro non lle se pode obrigar ós funcionarios a entendelo: por algo cobran do Estado.

Está claro que en Madrid non nos entenden ós galegos, nunca nos entenderon: será, non por falarlles en galego, senón por falar baixiño...

Estas dúas sentencias parécennos inxustas pero o Tribunal Constitucional, da Lei de Normalización Lingüística, só quitou a frase "tódolos galegos teñen a obriga de coñece-la lingua galega", que xa non é pouco. Segue sendo legal que o galego é a lingua propia de Galicia, que témo-lo dereito a usala de palabra e por escrito en documentos públicos, nas

relacións coa Administración e coa Xusticia, segue a obriga de estudiala no ensino non universitario e segue a obriga dos organismos autónomos de que se use o galego nas emisoras de radio e TV sometidas á súa competencia.

E, por enriba de todo, está a obriga moral que temos tódolos galegos —da aldea e da cidade— de defendérmolo que é noso.

ALTAMIRA, que desde o primeiro tomou como bandeira a dignificación e defensa do idioma, considera que a guerra da normalización do galego non está perdida, que se está gañando, que cada día son máis os galegos que senten o orgullo de utilizaren o seu idioma de palabra e por escrito, que cada vez son máis os pais que, xa non só nas aldeas senon nas cidades, lles falan galego ós fillos...

Por fina forza, temos que recoñece-lo esforzo que están realizando algunhas institucións autonómicas neste sentido, especialmente desde a radio e TV galega e no terreo do ensino. Claro que nos doe a tremenda hipocresía e mesmo a desvergoña de moitos locutores que falan galego por nómina con acento de Madrid, funcionarios e telefonistas da Xunta que non se enteraron que cobran dunha comunidade autónoma na que o seu idioma propio é o galego, políticos que só empregan o galego en tempo de eleccións... Pero ata agora, ninguén deu máis.

Cómpre recordar que, antes de que houbera Constitución e Tribunal Constitucional, existe un pobo que desde séculos ten un idioma propio, falado pola maioría da súa poboación como seña de identidade e que, se as leises foran inxustas, a nosa obriga sería desobedecelas.



Cooperativa agrícola de Mourentáns: un camiño para Europa

O Cooperativismo, tanto no ámbito industrial como no agrícola, xurde como unha alternativa da crase traballadora fronte ó abuso do capital e dos patronos por un lado, e a indefensión dos pequenos propietarios de terras fronte a caciques, latifundistas e intermediarios por outro.

Despois dunha longa historia de experiencias cooperativas, os abundantes fracasos empuxaron a moitos sectores productivos a rexeitar este sistema de traballo organizado. Volve novamente con forza, concretamente no campo galego caracterizado polo minifundio e a explotación individual, a xurdir a idea do cooperativismo como única saída rentable ó reto que supón a entrada no Mercado Común Europeo.

A Cooperativa de Viceso, que naceu no ano 1970, é un exemplo relevante e meritorio de esforzo pola sobrevivencia do sistema de explotación de terras en común, nunha época na que, por diversas razóns, foron desaparecendo preto do 90 por cento das Cooperativas que naceron co desenrolo económico dos anos sesenta.

E isto non foi tanto por culpa do individualismo dos labregos, senon por falla de apoio dos gobernos, que prefiren condenar ó sector rural á súa sorte negra, invirtendo os fondos públicos nunha reconversión industrial de dubidoso porvir.

P.— A primeira pregunta obrigada a unha sociedade Cooperativa agrícola de Galicia onde prima o individualismo, a desconfianza e moitas veces a envexa entre os campesiños, ¿cómo xurdeu e cando a idea de establecerse como Cooperativa?

R.— (Xesús Siso Rial). En realidade, foi o funcionario da Extensión Agraria quen comezou a ensarillarnos neste proxecto e animarnos continuamente. A cooperativa comezouse a montar no ano 1970 coa construción da nave feita por nós mesmos coa axuda, eso sí, dun albañil.

— ¿Que dificultades económicas atoparon e con qué axudas contaron para levar adiante o proxecto?

— (Xosé Esparis Freire). Naquel entón supuxo unha inversión inicial de catro millóns para a construción da nave, con

tódolos seus servizos de silos, almacén e pozos do xurro, ademais do gando. As axudas fundamentalmente foron do IRYDA que ofrecía unhas subvencións e uns créditos a un interese moi baixo do 3,75 por cento.

— ¿Cántos socios forman a Cooperativa?

— (Belarmino Tobío Lameiro). Primeiro hai que diferenciar os tipos de socios que compoñen a Cooperativa. Hai dous tipos: Socios traballadores e socios propietarios. Traballadores só somos os seis que aquí estamos; propietarios en total chegamos a vinte e seis que pertencemos a sete familias. Ó ser necesario un mínimo de quince socios para establecer a Cooperativa apuntábanse varios dunha mesma familia que eran propietarios, para acadalo mínimo.

— Polo que falaban antes, tiveron que mercar gando ¿cántas cabezas teñen en explotación e de qué tipo son?

— (Isolino Cantelar Pais). A explotación comezámola coas preto de trinta vacas que aportamos entre todos á Cooperativa. Pero iso era insuficiente, polo que se adquiriron vacas de Inglaterra, Norteamérica e de Mesía. Coa recría de xovenca chegamos a poñer en explotación entre cento trinta e cento cuarenta cabezas.

— ¿Foi moi custoso chegar a ese elevado número de cabezas?

— (Secundino Cantelar Pais). Ó principio tivemos dificultades coas preto de 20 cabezas que viñeron de Inglaterra, pois como proviñan dunha estabulación libre non se adaptaban ó cemento, e tivemos que levalas ó matadeiro. Logo coas que trouxemos de Mesía non houbo dificultades.

Naquel entón, cando comezamos a montar a Cooperativa, resultaba bastante fácil a adquisición de novas tenreiras para explotación, a traveso dun sistema que permitía pagar sómente o 50 por cento do seu valor; o outro 50 por cento, podíase pagar aportando unha cría de xovenca entre os seis e sete meses, pola que esperaban ata o terceiro parto para facela entrega.

(Xosé Esparis Freire). Vaia, tamén ó principio tivemos un problema de inseminación. Comezamos cubrindo as vacas con touros pero, en ocasións en que nos saíu un touro malo, descuberto ó nace-las primeiras crías, preto de medio establo estaba afectado do problema; así que optamos polo establecemento exclusivo da inseminación artificial que aplicamos nós. Eu mesmo fixen un curso de inseminación en Lugo, e a semente adquirese a traveso da Xunta.

— ¿A vosa explotación a qué está adicada principalmente a carne, a leite

ou ás dúas cousas?

— (Belardino). Fundamentalmente témola orientada á produción de leite. A produción de carne hai que esperar oito meses para que sexa rentable unha cría, e ademais, o precio da carne sofre moitos altos e baixos. O leite cóbrase tódolos meses e o precio é máis fixo.

“É a solución de Galicia de cara ó futuro...”

— Actualmente ¿cal é o seu nivel medio de produción diaria?

— (Xesús). Temos un nivel de produción medio por cabeza de arredor dos 20 litros diarios, que se pode considerar un nivel bo. A produción diaria varía de unhas épocas a outras pero ronda os oitocentos litros.

— ¿Que extensión de terra explota a Cooperativa?

— (Secundino). A terra aportada polos socios á cooperativa foi practicamente toda se exceptuamos uns mínimos ó redor da casa e os montes. A explotar ó principio comenzamos con 36 Hectáreas; logo, roturando monte, chegamos ás preto de 42 que estamos explotando na actualidade.

— Coñecendo a larga tradición do campesino galego de traballar individualmente as súas terras, ¿qué dificultades atoparon para un traballo colectivo?

— (Xosé). Para que unha cooperativa vaia adiante só fai falla ser persoa e ter espírito cooperativista. Cicais o que máis traballo costou foi adaptarse a un horario de traballo.

(Xesús). Confirmando o que di Xosé, se se é persoa adaptarse ó traballo colectivo costa moi pouco. As nosas dificultades foron de outro tipo. Primeiro, a Concentración parcelaria que se fixo aquí no ano 1961, como foi das primeiras, foi un desastre; a parcela máis grande que deixaron foi de 70 ferrados. Logo, como somos de tódalas aldeas da parroquia, as fincas da cooperativa están moi separadas.

— ¿Qué plans teñen de mellora cara o futuro?

— (Isolino). O proxecto máis inmediato é a instalación dun circuito pechado de frío. Nestes días están vindo técnicos de diferentes casas para orientarnos no máis convinte que estea adaptado ás normas europeas.

(Belardino). Ó te-lo centro de frío pagan o leite 4 pesetas máis por litro. Ademais hai uns pluses de calidade, cantidade, e medida bacteriolóxica. Pola medida bacteriolóxica comezamos a cobrar hai pouco, e contamos que coa instalación do circuito pechado acadaremos pronto os índices de bacterias mínimos esixidos polo Mercado Común.

(Xosé). Respecto da cría, sempre se pode mellorar. Temos pequenos índices de abortos e de morte de cría. Dende o oitenta non temos ningún caso de morte de vaca en explotación.

— ¿Qué medidas hixiénico-sanitarias aplican e cales son as enfermidades principais coas que se atopa unha explotación tan grande?

“A cooperativa é a mellor forma de leva-lo campo...”

— (Isolino). O establo está saneado totalmente. Cada oito meses facemos unha campaña de tuberculina, ademais o veterinario fai dúas visitas á semana. Respecto a enfermidades practicamente só temos casos de “pedera” por ter que estaren as vacas encerradas no cemento, logo só algún caso aillado de mamite.

— ¿Cómo organizan o traballo?

— (Secundino). O traballo repártese por semana. Un traballa dentro da nave muxindo, limpando e servindo o gando; os outros cinco traballan fóra roturando, abonando, sementando ou recollendo herba. Cada ano, rotativamente, ún encarrégase de distribuí-lo traballo ós demais.

— ¿Cómo distribúen os beneficios da Cooperativa?

— (Xesús). Temos establecido un soldo por día de traballo; cobramos por mes, e temos dúas pagas máis ó ano. O final do ano facemos un balance e repartimo-los beneficios proporcionalmente á terra aportada.

— Levar adiante unha cooperativa como ésta obriga a dispoñer de arquivos e libros de contabilidade, ¿cómo solucionan este problema?

— (Belardino). Agora coa introdución do I.V.E. a cousa complicase máis. A maior parte levámola nós, pero logo temos un empregado pagado que vén unha tarde ó mes para revisa-los libros, ordear-los arquivos e face-los balances.

— ¿Dende a súa experiencia de case 16 anos, ¿Qué vantaxes lle atopan ó sistema de cooperativas e qué inconvenientes lle ven?

— (Isolino). Economicamente cremos que vivimos mellor, e, ademais, traballamos menos. Témo-los domingos e festivos totalmente libres, e samente traballamos ún de cada sete. Logo temos quince días de vacacións pagadas ó ano.

(Secundino). Se ún traballa na casa nunca acaba, namentras que na cooperativa temos esas horas e, ó rematalas, non temos nada máis que facer. Por outra banda, témo-los nosos vellos e os nosos nenos que están totalmente libres e sen ningún traballo. As mulleres só cando hai algún apuro botan unha man.

(Xesús). Ademais, se un día queres ir a algunha viaxe ou a unha festa, non estás preocupado por ter que vir a unha hora para atende-los animais da casa. Eu neste sentido considérome que vivo moi ben.

(Secundino). Como inconveniente eu diría que cando comezamos isto supuxo un gran avance, pero logo estancámonos. Creo que nos acomodamos un pouco ó que temos e, se nos puxeramos, poderíamos dobrar perfectamente a explotación.

(Isolino). Outro inconvinte é te-las terras separadas, habería que facer outra concentración para que as terras quedaran todas xuntas.

(Belardino). Sendo persoas, a cooperativa é a mellor forma de leva-lo campo. Para Galicia é a solución de cara ó futuro. Ten moitas vantaxes para comercializa-los produtos do campo.

— Finalmente nas casas do campo galego conviven varias xeneracións e onde a propiedade a detentan os vellos que moitas veces frean todo este tipo de iniciativas. ¿Qué dificultades atoparon cos vellos e qué pensa a xuventude deste sistema de traballo da terra?

— (Xosé). Ben, no noso caso non tivemos ningunha dificultade cos nosos vellos, todo o contrario, sempre nos deron para diante

(Belardino). O campo só é rentable traballando moito, e a xuventude escapa do campo. O paro é o que fai que a xuventude siga no campo. Traballando en calquera sitio vívese mellor que adicándose ó campo. De tódolos xeitos para que a xuventude entre no sistema de cooperativa hai que mentalizar aínda moito, o noso exemplo non é suficiente. Penso que nas escolas habería que falar disto.

— Moitas gracias polas súas respostas.

— (Todos). A vostedes.

Prevención da subnormalidade



A deficiencia mental podería definirse coma un estado de desenvolvemento mental inadecuado que produce, ou se pode agardar que produza, unha incapacidade para a adaptación social independente.

Aparella que decida traer fillos ó mundo, con posibles antecedentes hereditarios que poidan provocar deficiencias nos seus fillos, ten a obriga de ACUDIR Ó MEDICO. Se éste o ve necesario, mandaraos a un centro axeitado, onde se lles farán as probas necesarias e se lles explicará a posible afección xenética e se lles aconsellará a comenencia de ter fillos ou non.

Temos que evitar que estes nenos sigan aparecendo. Por iso, queremoslle INFORMAR ós pais das causas que son coñecidas e evitables.

Toda persoa que teña algunha minusvalía de posible orixe xenético e aquelas mulleres que tiveran abortos repetidos e retrasos importantes na menstruación, deben acudir ó MEDICO. Existen centros para asesorar a estes pais.

COIDADOS ANTES DO EMBARAZO

1. Herencia: que é estudada pola xenética; ésta reconece unhas unidades chamadas XENES, que son as que controlan unha chea de fenómenos que lle darán a cadanséu individuo as súas características peculiares.

A maioría das alteracións xenéticas afectanlle ó desenvolvemento mental, porque o cerebro é o órgano máis sensible a calquera alteración.

¿Qué debe de facer unha parella preocupada pola posible deficiencia dos seus fillos?

2. Hai outras alteracións que non

son herdadas e que poden provocar subnormalidade, como pode se-la CONSANGUINIDADE, sendo o risco de deficiencia maior canto máis achegado sexa o parentesco. Nestes casos é necesario o consello xenético.

COIDADOS DURANTE O EMBARAZO

1. **Rayos X.** Advirtirlle ó medico que vaia realizar unha exploración con Raios X se se está embarazada. Os mellores días para ser vista por Raios X son os da menstruación.

2. **Tabaco.** O uso do tabaco dará lugar a nenos de baixo peso.

3. **Alcohol e drogas.** O uso das mesmas implica un risco de deficiencia nos fillos.

4. **Enfermidades infacciosas:**
—RUBEOLA: Enfermidade exantemática contaxiosa. Pódese evitar coa vacina das nenas ós 11 anos ou ós 4-6 meses denantes do posible embarazo. Non se debe vacinar estando embarazada, nin estar en contacto con persoas que padezan esta enfermidade cando exista un embarazo.

5. **MEDICACION.** Prohibida a automedicación. As embarazadas só se medicarán baixo control médico.

Toda embarazada debe:

-CONTROL MEDICO: unha vez ó mes e cada 15 días ó final do embarazo.
-ALIMENTACION CORRECTA: comidas con compoñentes calóricos e proteicos axeitados. Non a hidratos de carbono nin graxas en abundancia.

Non engordar máis de 12 quilos nin menos de 5. Non tabaco, drogas nin alcohol.

- Non despreocuparse das enfermidades infecciosas.

- A muller xestante pode traballar, pero non prescindir das súas horas de descanso. Contra o final do embarazo é aconsellable deitarse durante o día en curtos e frecuentes periodos e en posición lateral.

SINTOMAS DE ALARMA que deben de alertar nun embarazo e dirixirse de contado ó medico:

- HEMORRAXIAS
- DORES
- INCHAZO de pes e mans (edemas), sobre todo se continúan despois dun periodo de repouso.

COIDADOS DURANTE O PARTO

1. Dar a luz nun centro hospitalario.
2. A duración dun embarazo normalmente é de 38 semanas, que se contan deste xeito: atendendo á última menstruación, fíxase a duración do embarazo 15 días antes da mesma e cóntanse 40 semanas, que son as que normalmente necesitan.

Non esquezas que un neno que naza entre as semanas 37 e 42 tamén é neno nacido "a término" e pode vir en boas condicións.

3. Os síntomas que aconsellan o desprazamento da futura nai a un centro son:

- contraccións uterinas, que deben suceder cada dez minutos e teren unha duración media de 30 segundos.
- rotura da balsa das augas (rotura da membrana), aínda que non teña síntomas de estar de parto.

ATENCION PRIMORDIAL AS PARTURIENTAS DE ALTO RISCO (circunstancias de tipo persoal, patoloxía obstétrica, que poden condicionar dificultades para a nai e para o feto): sempre dirixirse a un centro hospitalario.

Como RESUME podemos dicir: maior risco de deficiencia ocorre dentro do útero e no momento do parto. Cando xa teña nacido o neno, debe ser visto dentro das primeiras 24 horas de vida, onde se detectarán a tempo, con posibles recuperacións, as anomalías para poder instaurar-lo tratamento oportuno e a rehabilitación precoz.

Clotilde Rodríguez Martul

Eleccións Xerais no Concello de Brión



As últimas eleccións xerais ó Parlamento Español do pasado 22 de xuño deron, como xa ocorrera nas anteriores, no ano 1982, a maioría absoluta ó PSOE.

Seis meses despois das mesmas, ALTAMIRA quere ofrecerlles un estudio feito a nivel do Concello de Brión e para elo, e tratando de ve-la evolución do voto no noso Concello, contamos cos datos obtidos nos anos 1982 e 1986.

Aínda que entre unhas e outras houbo eleccións municipais e, o Parlamento Galego, non tomamos en

conta estes datos por dúas razóns: a reducida concorrencia de partidos políticos ás mesmas, sobre todo nas municipais, así coma as especiais circunstancias que afectan ó Concello ou á Comunidade Autónoma.

As eleccións xerais ofrécennos unha maior cantidade de partidos políticos e, polo tanto, permiténnos máis posibilidades de facer un resumo comparativo entre eles.

Para este estudio, tivemos en conta os dous aspectos que coidamos máis importantes como son a participación e os resultados.

A PARTICIPACIÓN

A porcentaxe de participación a nivel de Concello foi lixeiramente superior en 1982, ano no que votou o 50,5% do censo de electores, namentras que en 1986 tan só se acadou o 47,96%.

A maior baixa na porcentaxe de participación deuse na mesa electoral onde votaban os viciños de Brión e Boullón, que pasou do 51,3% en 1982 ó 44,2% en 1986. Pola contra, a maior subida na porcentaxe de participación deuse na mesa de San Salvador, que pasou de se-la máis baixa, con moita diferenza, co 32,5% (80 votantes de 246 electores) en 1982, a ser unha das máis altas co 47,5% en 1986, rexistrando un 15% de subida dunhas a outras, subida que non se atopa con facilidade nas estadísticas.

Destaca tamén a mesa dos Anxeles que acadou a maior porcentaxe de participación nas dúas votacións, co 54,4% en 1982 (a máis alta das dúas eleccións) e o 50,7% en 1986.

Sen dúbida é curiosa a mesa de Viceso que, nas eleccións de 1986, acadou exactamente un 50% de participación (225 votantes de 450 electores), circunstancia que non é fácil que se dea nunhas eleccións deste xeito.

Ó falar de participación, no Concello de Brión ó mesmo que en Galicia en xeral, debemos de ter en conta que de vello a emigración veu reducindo de maneira importante as porcentaxes, pois todos sabemos das moitas dificultades que atopan os nosos emigrantes á hora de votar por correo.

PARTICIPACIÓN

MESAS ELECTORAIS	1982			1986		
	CENSO ELECTORAL	VOTANTES	%	CENSO ELECTORAL	VOTANTES	%
Brión-Boullón	1.145	588	51,3	1.343	594	44,2
Os Anxeles	1.127	613	54,4	1.229	624	50,7
Bastavales	1.104	589	53,3	1.170	584	49,9
San Salvador	246	80	32,5	181	86	47,5
Luaña (1)	831	395	47,5	606	268	44,2
Cornanda (1)	—	—	—	287	139	48,4
Viceso (2)	773	373	48,2	450	225	50
Ons (2)	—	—	—	368	182	49,4

(1) Ata 1985, Cornanda e Luaña votaron na Mesa Electoral Única da Luaña.

(2) Ata 1985, Viceso e Ons votaron na Mesa Electoral Única de Viceso.

OS RESULTADOS

Se facemos unha análise dos resultados, no Concello de Brión non houbo grandes diferencias con respecto ó conxunto de Galicia, unha das poucas comunidades autónomas do Estado Español onde gañou a Coalición Popular. En efecto, en Brión, a Coalición Popular gañou nas eleccións de 1982 de maneira destacada ó conquistar case a metade dos votos (o 47,9%) namentras que o PSOE foi segundo co 25,92%, seguidos da UCD co 14,36% e Esquerda Galega co 2,2% dos votos.

Nas eleccións xerais de 1986, reduciuse considerablemente a diferenza entre os dous grandes partidos: mentras que a Coalición Popular baixaba case oito puntos, quedando no 40,1% dos votos emitidos, o PSOE sobe case 8 puntos, quedando no

33,5%. A estes dous partidos ségueos o CDS que chega ata o 12,36%, cando catro anos atrás só tivo o 1,25%. A Coalición Galega, na práctica herdeira da desaparecida UCD, é o seguinte partido co 5% dos votos; o PSG-Esquerda Galega queda despois co 2,77%.

Dos restantes dez partidos que concorreron ás eleccións, só o PST chegou a acadar o 1% dos votos, dándose o caso curioso que a Esquerda Republicana non tivo ningún voto en todo o Concello.

Se facemos unha análise dos resultados por mesas electorais e collemos ós dous partidos políticos máis significativos, é dicir Coalición Popular e o PSOE, atopámonos con que a Coalición Popular acadou as máximas porcentaxes de votos en 1982, co 59,01% na mesa de Brión-Boullón e o 52,04% na mesa dos Anxeles. Xa nas

eleccións de 1986, baixou a súa porcentaxe de votación, que quedou no 54,21% de Brión-Boullón e o 47,67% en San Salvador. No punto oposto, é dicir, as mesas onde foi menos votada, está a de Ons co 23,62% dos votos, seguida da da Luaña co 25,74%, ámbalas dúas nas eleccións de 1986.

Para o partido actualmente no poder, segundo nas dúas votacións a nivel de Concello, subiron as porcentaxes lixeiramente. Conquistou os mellores resultados nas eleccións de 1986 co 44,4% dos votos na mesa da Luaña e o 41,21% na de Ons, mentras que nas eleccións de 1982 tivera uns resultados moi baixos destacando entre eles o 13,75% na mesa de San Salvador e o 16,67% na de Brión-Boullón, mentras que en 1986 a porcentaxe máis baixa foi a da mesa de Viceso co 22,66%, seguida do 24,42% de San Salvador.

RESULTADOS (en tantos por 100) DAS ELECCIÓNS XERAIS DE 1982.

MESAS ELECTORALES	C.P.	P.S.O.E.	U.C.D.	E.G.	OUTROS	BLAN/NUL.
Brión-Boullón	59,01	16,67	16,49	1,02	4,77	2,04
Os Anxeles	52,04	23,16	11,42	3,09	7,84	2,45
Bastavales	42,27	25,13	19,86	2,21	7,48	3,05
San Salvador	48,75	13,75	26,25	6,25	5	1,61
Luaña-Cornanda	38,48	41,26	9,62	1,01	8,62	1,01
Viceso-Ons	42,62	32,71	9,65	2,95	10,46	0

RESULTADOS (en tantos por 100) DAS ELECCIÓNS XERAIS DE 1986.

MESAS ELECTORAIS	C.P.	P.S.O.E.	C.D.S.	C.G.	OUTROS	BLAN/NUL.
Brión-Boullón	54,21	25,25	11,28	2,52	5,23	1,51
Os Anxeles	40,06	35,89	10,41	3,20	8,04	2,40
Bastavales	38,18	39,04	14,72	3,39	3,62	0,51
San Salvador	47,67	24,42	8,14	10,46	8,16	1,16
Luaña	25,74	44,40	8,95	7,46	8,60	4,85
Cornanda	46,04	26,62	20,86	0	3,61	2,87
Viceso	32	32,66	16,88	9,77	14,69	4
Ons	23,62	41,21	6,90	14,28	9,34	1,65

CONCLUSIÓNS

¿Qué conclusións podemos sacar de todo isto? De maneira sinxela, podemos decatarnos dunha lixeira baixa nas porcentaxes de participación en xeral.

O mesmo que pasa a nivel da Comunidade Autónoma Galega e tamén de España, o Concello de Brión nas eleccións Xerais votou ós dous grupos máis representativos da actual política española, ata o punto de que tan só entre os dous acádase algo máis

do 73% dos votos en cada elección. Neste sentido nótase asimismo o achegamento das porcentaxes entre estes dous partidos.

Sen dúbida, e pensando que estamos en Galicia, destaca sobremaneira a moi baixa cantidade de votos ós partidos nacionalistas, tanto da dereita como da esquerda.

E, ¿Cómo se vota por parroquias? O Concello de Brión ten dúas partes moi diferenciadas: a parte alta e a parte baixa. Na parte baixa do Concello a dereita gañou con unha grande

avantaxe no 1982, avantaxe que nas últimas eleccións reduciuse considerablemente como pasou a nivel da totalidade do Concello. Un exemplo disto pode se-la mesa de Bastavales, onde gañou claramente a C.P. en 1982 mentras que no 1986 gañou o PSOE con case un punto de diferenza.

Na parte alta, segundo os datos das últimas eleccións (antes as mesas eran conxuntas), Ons e Luaña son máis de esquerdas e, pola contra, Viceso e Cornanda maniféstanse máis de dereitas.

NOTICIEIRO

Contaminación do río Sar



A insuficiencia da estación depuradora de Silvouta, xunto cos vertidos industriais indiscriminados fan do entrañable río Sar, ademais da contaminación, un perigo para a saúde.

protestas conxuntas ós diferentes Organismos oficiais — Concello de Santiago, Consellería de Sanidade, Consellería de Ordenación do Territorio, Diputación Provincial, etc.— así como realizar xestións na procura de solucións inmediatas a un grave problema que afecta a un dos bens máis delicados dunha Comunidade como é a Saúde.

Entre as solucións apuntadas polos alcaldes están a ampliación inmediata da planta depuradora de Santiago — tantas veces prometida— e a canalización e dragado do río Sar ó longo do curso que afecta as terras labrantías contaminadas. Todas estas medidas solicitadas propuxéronse sen perxucio das responsabilidades xudiciais —criminais e civís— que foron esixidas para os causantes do devandito vertido causante da mortandade de tódolos peixes.

O peso preponderante que as industrias teñen sobre a economía dunha Comunidade, a irresponsabilidade de moitos empresarios que eliminan os residuos sen medirlas consecuencias dos efectos sobre o medio ambiente, a despreocupación de moitas autoridades sobre os delitos ecolóxicos amparadas nunhas condicións naturais con grande capacidade de autodepuración, colocan a Galicia nos últimos lugares de Europa en canto ás condicións de hixiene e saúde tanto persoal como nas condicións e tratamento dos produtos alimenticios.

despertou novamente nos veciños e autoridades un carrusel de protestas e denuncias, agora con maior forza e razóns, sobre a situación do permanente estado de contaminación do río que, entre outros efectos negativos, deixa improdutivo a preto de 150 hectáreas das mellores terras do Val da Amaia, causa estranas enfermidades no gando, contamina en moitos lugares, como Vidaloiño, as augas dos pozos e obriga a facer grandes desprazamentos á xente na procura de auga potable para lavar e cocinar.

Alcaldes de Ames, Brión, Rois e Padrón, nestas últimas semanas estiveron en permanente comunicación para facer

ó río mediante un aliviadeiro situado na mesma entrada das augas á depuradora, así como de vertidos residuais de industrias altamente contaminantes, sexan traspasados a outros Concellos quedando afectados polas consecuencias negativas que a contaminación ten sobre a economía, a hixiene e a saúde.

Un recente vertido industrial incontrolado que, ó parecer proviña do Hospital Xeral de Galicia, de centos de litros de gasoil directamente ó alcantarillado público trouxo como consecuencia a total inutilización da estación depuradora de Silvouta e ademais uns efectos catastróficos sobre o río Sar, ó causa-la morte de tódalas especies animais que viven nel. Os a fauna piscícola do Río Sar, efectos deste exterminio de toda

Non haberá saneamento do gando polo de agora en Brión

Recentemente sóubose que a Consellería de Agricultura non la face-lo saneamento do gando no noso Concello, alomenos, inmediatamente.

Esto sóanos a burla por parte da Xunta de Galicia, pois, aparte e que o noso Concello sería dos poucos onde o saneamento se solicitara hai xa máis dun ano pola inmensa maioría dos gandeiros do Municipio, son innumerables as veces que o Alcalde de Brión recibira promesas "firmes" por parte das

autoridades, especialmente do anterior Conselleiro, que empeñou a súa palabra de que Brión tería saneamento denantes do outono deste ano: confirmase que as palabras de algúns políticos só sirven para o tempo das eleccións.

Por se acaso, tan pronto tomou posesión o novo Conselleiro de Agricultura, xa o Alcalde llo fixo saber. Pero haberá que agardar jata cándido?...

Os veciños de Brión, xunto ós de outros Concellos polos que decorre o río Sar veñen sufrindo desde hai varios anos os graves prexucios que se derivan da permanente contaminación que amosa o río. A estación depuradora de Silvouta, posta a funcionar o ano 1983 ten unha capacidade de tratamento de augas residuais, aínda que considerable, totalmente insuficiente para o caudal xenerado pola próxima cidade de Santiago, que experimentou un notable crecemento nos últimos dez anos.

A ubicación da estación depuradora nos límites entre Santiago e Ames, fai que tódolos problemas derivados do exceso de augas residuais liberados sen ningún tratamento directamente

Urbanización de Pedrouzos

Non tardarán en comezalas obras de urbanización de Pedrouzos, que vai acomete-la Dirección Xeral de Tráfico.

O plan desta obra xa ten a súa historia, pois que hai dous anos se elaborara un proxecto que incluía o alcantarillado, aceiras e alumado público. Había tamén a idea de instalar semáforos para ordenalo tráfico. O proxecto non se poido levar a cabo por falla de financiación.

O actual proxecto só con-

templa a instalación de aceiras por unha soa banda da estrada, nunha lonxitude de 1.000 metros, e colocación de báculos de alumado cada 30 m. de 10 de altura. A canalización da rede de alumado será subterránea. O coste total do proxecto é de 16 millóns de pesetas.

Xa é visto que esto non é todo o que se pedira, pero "a cabalo regalado...". Para outra vez terá que queda-lo outro tramo de aceiras e mailo alcantarillado.

Actividade cultural no noso Concello



Prós que vivimos no medio rural, non deixa der ser unha novidade calquera acto cultural que se nos ofrezca polas nosas parroquias: tan pouco acostumados estamos a escoitar en vivo unha boa música, un espectáculo teatral ou unha conferencia, que ás veces non lles prestamos a atención que merecen. Poida que pensemos que, por seren demasiado bos, non nos han gustar.

Ultimamente tivemos ocasión de asistir á actuación da Orquesta Albéniz, da Coruña, que actuou o día 11 de outubro na igrexa parroquial dos Anxeles, e un grupo inglés de jazz (actuou o día 31 de outubro no Colexio de Brión).

Polos Anxeles pasou tamén o circo de Berlín e o 28 de novembro dou unha charla o antropólogo Marcial Gondar no Colexio de Brión sobre o tema "Valen aínda os nosos costumes?", onde se fixo tamén unha proxección dos vídeos "A Malla" e "O Meigallo".

En xeral, a xente recea de asistir a estas cousas, probablemente por falta de costume, porque o que vai unha vez, volve: pasa coma co anuncio da tónica. Moita xente coida que o seu é ir de vez en cando ó fútbol e, sobre todo, pasar horas e horas na taberna "divirtíndose" agarrado a un mal vaso de viño ou pegados á televisión sen

A próxima inauguración da casa da Cultura do noso Concello servirá para achegar máis a cada parroquia un instrumento de promoción personal e de desenrolo social

pestañexar, coma se de un santo se tratara.

Non nos damos conta de que "hai que estar ó loro", que temos que abri-los ollos ó que hai máis aló das nosas fronteiras. Porque a cultura non é patrimonio exclusivo dos que van á universidade.

Coidamos que os nosos concellos, as nosas parroquias, os nosos colexios, etc. deberían invertir máis tempo e cartos na promoción da cultura. En Brión está a punto de remata-la construción da Casa da Cultura: non vaia ser que poñamos unha xaula moi bonita, pero que quedemos sen paxaro que meter dentro. Isto é tarefa de todos.

Adxudicación da plaza de Palista Municipal



O parque móbil municipal supón unha importante axuda na realización dos Plans anuais de Obras.

O día 10 de outubro pasado tomou posesión da plaza municipal de mecánico-conductor de pala, carregadora, excavadora e demais vehículos de propiedade municipal o Sr. Santos Lapido Pérez, viciño desde Concello e domiciliado na parroquia de Boullón.

A provisión desta plaza de emprego municipal, anunciada desde o principio de ano, fíxose mediante oposición libre, seguindo os preceptos legais e na que se esixía estar en posesión do carnet especial de conducir.

A oposición, á que se presentou como único aspirante o recentemente nomeado, Santos Lapido, constaba dos seguintes exercicios: cultura xeral (dictado e contas aritméticas), coñecementos específicos de mecánica e da rede viaria municipal e unha proba práctica ca pala.

A política levada adiante polo noso Concello de irse dotando de vehículos e maquinaria pesada propios, coa finalidade de manter en bo estado estradas e pistas ó longo de todo o ano sen que iso supoña unha excesiva carga presupostaria, obrigaba a creación desta nova praza municipal e da que ata agora estívose suplindo, mediante contrato temporal con esta mesma persoa que a leva adxudicada de maneira definitiva.

Misión Popular en Viceso e Ons

Cunha misa celebrada polo Vicario de Pastoral e a asistencia de gran cantidade de fregueses en cada unha das parroquias, rematou a Misión que ó longo dos días 9 a 14 de novembro se celebrou en Viceso e Ons.

Esta Misión, pagada por unha persoa que quixo mante-lo seu nome no anonimato, foi predicada polos Padres Xesuitas Vicente Gijón e Xosé Alvarez e contou tódolos días cunha boa asistencia de fieis nas distintas sesións que cada día desde as 9

da mañán se ian sucedendo adicadas ós vellos, ós nenos e ós mozos. Estas sesións consistían basicamente en charlas relixiosas actos litúrxicos, cantos e oracións e, a media tarde, o rosario recorrendo as distintas aldeas de cada parroquia en procesión.

As misións populares, das que dan testemuña as grandes cruces de madeira que frecuentemente se conservan nas nosas igrexas gravadas coa data da súa celebración e o nome da congre-

gación á que pertencían os padres que as predicaron, naceran para seren un repaso da doutrina cristiana e un despertador de concencias dormentes, e aínda moitos asocian o seu recordo con aquelas sermóns medoñentos sobre o inferno, o pecado e a morte.

Hoxe van desaparecendo, se cadra pola secularización dos novos tempos e as misións non souberon adaptarse a eles, ou porque a Igrexa buscou outros medios para evanxelizar.

Así e todo, os que assistiron asiduamente tanto en Ons coma en Viceso, en xeral, quedaron contentos, e o froito terano que ir amosando cada un na súa conducta diaria.

Restauración da Capela de San Salvador de Bastavales



A capela de San Salvador está en obras de restauración. O seu teito e faiado, construído en madeira, foi podrecendo co paso dos anos e corría perigo de derrubarse.

A restauración consistirá na reposición da cuberta e faiado, así como a limpeza interior e exterior da capela.

O presuposto da obra é de un millón cincuenta mil pesetas, do que ata agora se acadaron 330.000: 300.000 aportáronas os veciños de Bastavales e de algunhas aldeas dos Anxeles

(que no pasado pertencían á antiga parroquia de San Salvador e dividida na actualidade entre os Anxeles e Bastavales, quedando integrada a capela na de Bastavales en 1868). As restantes 30.000 pts. foron aportadas por Palacio.

Falta aínda moito diñeiro para cubri-lo presuposto, polo que as obras terán que ir necesariamente lentas.

Recordo histórico

A capela data do século XVIII, segundo se le no lintel da

portada lateral nunha inscrición: "Esta capilla se hizo siendo cura Don Juan Antonio Varela 1737". Estes mesmos datos atópanse tamén nun dos libros de fábrica da igrexa dos Anxeles e de San Salvador de Bastavales: D. Xoán Antonio Varela da "por descargo 253 reales que dió a Blas Diz maestro de cantería en quien se remató la nave de la iglesia de San Salvador hecha a cimentis". Doce anos despois, 1749 reedificábase a sacristía (que se fixo nova) e a capela maior.

Do anterior parede deducirse que había un primitivo templo que, no devandito ano 1737, comezou a reedificarse polo corpo da igrexa; logo, en 1749, seguiría a reedificación da capela maior e probablemente a sacristía. Gloria Gende considera que tamén cabe a posibilidade de que non fora reedificada na data indicada de 1749, senon levantada daquela por primeira vez.

Pertence esta capela ós templos barrocos de sinxela estrutura, moi abondosos na Amaia. Destaca o seu retablo neoplatereesco construído en 1893, sendo daquela cura párroco D. Constante Amor.

Cambio de ordenanza para o Cruce dos Anxeles



A regulación da velocidade no cruce dos Anxeles supón a eliminación dun perigoso risco.

No pleno Municipal levado a cabo no noso Concello no pasado mes de outubro, coa finalidade de poder verificar e executa-lo programa vial de tráfico no cruce dos Anxeles, acordouse cambia-la ordenanza número 8 das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello que declaraba ó Paseo de Brión-Os Anxeles como zona pendente de "Plan Especial", pola ordenanza número 3 que declara a esa mesma zona, "Zona mixta Industrial Residencial".

O cruce dos Anxeles está sendo dotado dun sistema de semáforos semiactuado polo tráfico, e que proximamente será posto en funcionamento. O "sistema semiactuado polo tráfico", consiste nunha regulación automática dos encendidos do semáforo en función do volume de tráfico que nun determinado momento estea atravesando o cruce. A presenza dos vehículos é detectada por unhas placas magnéticas colocadas debaixo do firme da estrada que detecta a presenza de coches e o número deles para, a continuación, limita-la apertura do semáforo o tempo necesario para que crucen os coches.

As mellores condicións que presenta a estrada de Santiago a Noia ía propiciar, coa maior velocidade de circulación, un aumento crecente dos sinistros neste cruce, onde recentemente se produciron dúas mortes por accidente de tráfico.

Plan Provincial de obras por valor de 25 Millóns

A Deputación Provincial é un dos principais instrumentos de financiación para os Concellos pequenos. A elaboración cada ano do Plan Provincial de Obras e Servizos supón a posibilidade de levar adiante importantes proxectos que o seu elevado custo impediría abordalos exclusivamente coa financiación municipal.

O pleno Municipal do noso Concello aprobou recentemente o Plan de Obras presentado pola Alcaldía que será incluído no Plan Provincial de Obras e Servizos da Deputación Provincial para o ano 1987. O importe económico ascende ós 25 millóns de pesetas.

Destacan neste Plan, por un valor de preto de 13 millóns de pesetas, os proxectos de camiños de Vexo e Nináns, de Ons e Agrón, camiño de Lamiño, de Sabaxáns a Curuxido, de Vioxo

Neste mesmo Plan inclúense as obras de canalización do alumado para o lugar do Tremo na parroquia dos Anxeles e a instalación de postes aéreos con luces amarelas nos lugares de Lago e Gundín, por valor de sete millóns oitocentas mil pesetas. Destínase tamén no capítulo de alumados, unha partida de un millón trescentas mil pesetas para o arreglo e algunhas ampliacións en tódolos alumados existentes nas diferentes parroquias.

a Touris, da Igrexa a Bastavales, e de Bastavales a Rois.

Especial interese revestirá o asfaltado dos camiños de Vexo a Nináns e o de Ons a Agrón, que foran abertos e afirmados con zorra recentemente como recolleramos no número anterior de ALTAMIRA. O primeiro deles, non só facilita a comunicación dos Lugariños para os veciños en xeral, senon que é indispensable para que o transporte escolar poida acceder ali.

A pista de Ons-Agrón, desde que se abriu, pola intensidade de tráfico que circula por ela, demostrou sobradamente a súa importancia e a necesidade de mantela nas mellores condicións.

Problema da augardente caseira



A elaboración da caña é todo un ritual que cada ano repite nos lugares coa finalidade de atesourar o preciado produto que servirá para agasallar ós amigos e ós festeiros.

Coa nova regulamentación establecida polo Estado para a elaboración de bebidas alcohólicas destiladas, e que supoñen un paso adiante á equiparación coas que rexen desde anos en toda Europa, vótase un forte atranco á tradicional produción caseira da augardente, máis coñecida entre nós por "caña".

A elaboración da "caña" familiar que case supoñía un ritual que se repetía cada ano, permitía á maioría das casas

dotarse dunhas reservas deste produto de patente propia co que agasallar os días de festa ou en calquera celebración ós convidados. Servía tamén, en momentos especiais, como oportuno regalo co que agradecer un servizo ou amosar unha elevada consideración hacia unha persoa.

Na nosa Galicia tradicional, o poderío dunha casa, viña ligado precisamente, nunha economía de autoconsumo, á

abundancia —"fartura"— de produtos caseiros que se gardaban na casa. Os produtos de cada casa tiñan o seu selo e a súa consideración —alta ou baixa— entre os veciños e visitantes. Velar polo prestixio dos produtos da casa supoñía unha das máis importantes preocupacións dunha familia.

Carecer de viño, xamón, chourizos ou caña propios supón a catalogación máis baixa no medio rural. Pola contra, agasallar ós invitados ou visitantes con unha ampla restra de manxares de elaboración propia, considérase todo un signo da riqueza da casa e da consideración que lle merece o invitado.

A elevación da taxa de impostos para os alcoholes destilados supón a elevación en máis do dobre o precio de produción de augardente caseira. Os propietarios das caldeiras deberán pagar pola patente cada ano á Facenda Pública 13.800 pesetas, ademais a Aduana cobraralles polo permiso para poder elaborala caña 200 pesetas por cada litro de capacidade da caldeira e por cada día que traballe. Os permisos poderán sacarse por un mes, 15 días ou cinco días.

Rondalla municipal

Este ano o noso Concello contará con un novo grupo artístico-musical coa recente formación dunha rondalla que estará patrocinada polo concello igual que o grupo de baile e a escola de gaitas que xa viñan funcionando desde hai tres anos. Veñen asistindo ó redor de 60 nenos de tódalas parroquias.

O encargado de dirixir este novo grupo será o guitarrista Isaac Vázquez Alvite, que foi iniciado na práctica deste coñecido instrumento polo famoso e ilustre profesor de guitarra: Don Andrés Segovia.

Isaac Vázquez Alvite, iniciado como guitarrista ós catorce anos sendo presentado como neno prodixio da Orquesta Compostela. Fundou o conxunto musical "Os Galaicos", que durante cerca dunha década dedicáronse a amenizar numerosas festas populares en toda Galicia. Na actualidade exerce como profesor de música e guitarra no Seminario Menor, Colexio de San Francisco Xavier.

O Concello de Noia asfaltará a pista de Busto de Frades

Hai noticias, por fin, parece que definitivas, de que o Concello de Noia ten incluída no seu presuposto de 1987 a pavimentación de pista que une Busto de Frades con San Xusto. Trátase dun tramo de 750 metros de longo nos términos de Noia desde o límite de Brión ata a aldea de Vilardante polo que nunca poideron circular os coches. Esta vía de comunicación é vital non só para Cornanda, senon para toda a zona alta do Concello par poder franquealo camiño cara Noia: hai que ter en conta que así San Xusto quedará a menos de catro quilómetros de Busto de Frades, cando na actualidade hai que rodear máis de 20 por Urdilde.

Animar á Corporación de Noia a acomete-la obra costou moito tempo, moitas conversas infructuosas entre os alcaldes e máis dunha retesía dos veciños

de Cornanda coas autoridades noiesas.

Así, pouco a pouco, máis tarde do que mereceía, vai desaparecendo o aillamento que soportaba a parroquia de Cornanda. A construción da represa do Tambre e a concentración parcelaria levaron a estrada desde o centro do Concello, polo leste; hai dous anos, Negreira abriu saída desde a represa cara Liñaio, ó norte; agora virá a saída cara o sur, a San Xusto. Hai tamén, polo oeste, a pista que, bordeando o río Tambre, vai por Vilariño á central eléctrica, pero no seu curso polos términos de Noia está intransitable desde hai moitos anos; se non fora por isto, o traxecto sería recomendable para os amantes do excursionismo pois camiña por unha paisaxe de beleza incomparable.

Novos cursos do INEM

Volve a haber, coma no ano pasado, cursos do Instituto Nacional de Emprego. Na Lúaña está o curso de Tractoristas, de dous meses e medio de duración. Nos Anxeles xa rematou o de Apicultura. En Brión comeza agora o de Cultivos Baixo Abeiro, que durará tres meses e medio. Todos estes cursos que cada ano se van sucedendo están pensados para facilita-lo acceso a unha profesión ou para darlle un medio de gañala vida principalmente ós mozos. En xeral, o profesorado é moi bo e o sistema, no que se presta máis importancia á práctica que os coñecementos teóricos, da resultado.

Ensino Práctico

O máis mal é que frecuentemente se observa que non se animan a asistir os que máis o

necesitarían (os mozos). Isto é preocupante, pois, co paro xuvenil que hai no país, o normal sería que un mozo sen traballo se decidira por calquera das especialidades que o INEM ofrece e se animara a ir experimentando cun invernoiro, unhas cuantas colmeas de abellas, etc. Semella como se a xente perdera a iniciativa e estivera agardando por un traballo asalariado que tarde ou nuncha chega antes que experimentar por si e non deixar que colla a un a xeadá.

Especialmente indicado na nosa comarca para eso que vimos dicindo parécenos o curso de invernoiros (cultivos baixo abeiro) que se celebra en Brión, pois a Amaia reúne unhas condicións inmejorables tanto para hortalizas coma para flores.

NOTICIEIRO

Equipo de fútbol infantil de Bastavales - XVI Xogos Escolares



O Bastavales U.D. é o único club de fútbol do Concello que conta con un equipo infantil, formado na temporada 85-86, na que conseguiu un importante palmarés, ó quedar terceiro na liga e campeón na copa infantil do Sar, agardando mellora-los resultados na próxima temporada 86-87.

A competición comezará o once de xaneiro, na que terá que competir cos equipos da Baña, Negreira, Urdilde, Vilvestro e Dubra.

Este equipo infantil é a mostra do grande interese que a actual directiva do Bastavales ten por promociona-la canteira e dispoñer dun importante viveiro

de xogadores para arreequenta-las plantillas superiores.

Esta foi a plantilla do equipo infantil da temporada pasada: Xesús Angueira Mariño, Xosé Balado Agrafojo, Víctor Viqueira Iglesias, Xosé Landeira Reibás, Gonzalo Ferreiro Iglesias, Xoán Xosé Casal Tato, Santiago Nieto López, Manuel Vilanova Casal, Fernando Tobío Fernández, Guillermo Blanco Caamaño, Xosé Carril Quintela, Xosé Manuel Otero Mariño, Manuel Casal Miguez, Carlos Noya Lorasque, Federico Castro Noya, Víctor Manuel Botana Ferreiro, Xoán Carlos García Castro e Emilio Villanova López.

Este ano, o Colexio Público da Baña fíxose cargo da organización e desenvolvemento dos xogos escolares que desde, hai xa dazaseis anos, veñen desenvolvemento ininterrompidamente os Colexios da Zona e nos que o noso Colexio de Pedrouzos — que foi a sé organizativa do anos pasado — participará por cuarto ano consecutivo.

A comarca do Tambre, que con tal denominación está incluída no Organigrama do Deporte Escolar que Planifica a Consellería de Cultura e Benestar Social da Xunta de Galicia, está formada polos Colexios de: Dices, Urdilde, Brión, Bertami-ráns, Bentín, A Baña, Portomouro, Bembibre, Santa Comba, San Cosme, Pino de Val e A Picota.

Con anterioridade á instauración do Goberno Autónomo da Xunta de Galicia, hai dazaseis anos, a iniciativa de varios Colexios da Comarca, organizáronse na Baña os Primeiros Xogos Escolares do Tambre.

A traveso destes Xogos preténdese favorecer-la convivencia e o contacto entre tódolos nenos da Comarca, iniciar e desenrola-la práctica deportiva en modalidades diferentes do

fútbol —deporte case exclusivo para nenos e maiores da zona— tales como baloncesto, balomán, voleibol, tenis de mesa, atletismo e xadrez, e finalmente aproveita-las denominacións de sedes organizativas para ir dotando ós Colexios de material deportivo e diferentes instalacións.

Amparándose na compacta organización da nosa Comarca e no seu recoñecido interese pola mellora, ano tras ano, da calidade dos deportes, da perfección técnica e dos niveis de participación, fóronse introducindo numerosas propostas e suxerencias que favoreceron a simplificación de tódolos trámites burocráticos, así como a ampliación dos presupostos que destina a Xunta de Galicia para o Deporte Escolar.

Finalmente, este ano, tódolos Colexios terán opción á concesión dunha beca para levar adiante "Escolas Deportivas" que se desenrolarán nos colexios, por un importe de cen mil pesetas, que permitiría ofrecer unha certa compensación económica ás horas de traballo e dedicación para os monitores que dirixen o Deporte escolar dentro dos Colexios.

Alumbrado dos campos de fútbol

No pasado mes de novembro, o Concello de Brión acometeu a iluminación dos campos de fútbol de Bastavales, Luaña e Ons.

Deste xeito, os equipos de Luaña e Bastavales sobre todo, porque son os dous equipos federados do Concello ámbolos dous xogando en Rexional, zona do Sar, o Bastavales no 4º grupo da Segunda Categoría e o Luaña no 2º grupo da Terceira Categoría, verán aumentadas as posibilidades de acadar unha mellor preparación física tan importante sobre todo neste tipo de equipos modestos.

Ata agora, ben porque a maioría dos xogadores teñen que traballar polo día ou ben porque ca chegada do inverno —e a

maior parte da liga xógase no inverno— de contado é noite e non era doado encontrar tempo para entrenar.

É de esperar que, coa instalación do alumado nestes dous campos, tanto o Luaña, como o Bastavales, mellorando a súa preparación, lles dean aínda máis satisfacción ós seus seguidores.

Por outra banda, en Ons, aínda que non hai equipo federado, o campo dispoñía de alumado que, desde hai uns catro anos, xa se viña usando para entrenar dous días á semana. Coas obras de ampliación empezadas o ano pasado houbo que arrinca-los postes que agora, de novo, volven a cumprila súa función.

Calendario de festas oficiais do Concello para o ano 1987

Tras un largo debate entre tódolos concelleiros para a determinación do calendario de festas oficiais para todo o Concello no próximo ano 1987, acordouse fixa-lo 20 de abril, luns de Pascua, e o 15 de maio, festa de San Cidre Labrego.

A relativa concordia e consenso con que se debaten e estudian os diferentes temas e problemas do Concello, así como os acordos que se elaboran nos diferentes Plenos, rompeuse nesta ocasión no debate para a determinación dos días de festa local. Os localismos de cada Concellal, os agravios comparativos entre as diferentes parroquias, a primacía das festas dunha parroquia sobre as ou-

tras, a situación da festa no calendario, etc. son factores que xurden con forza e impiden chegar a un pronto acordo en algo que nun principio presentábase como algo imposible.

O exercicio da Política, a tódolos niveis —Local, Provincial, Nacional e Internacional— está cheo de exemplos parecidos: para os grandes temas que esixen grandes solucións hai poucos camiños e por tanto facendo caso ó sentido común é fácil chegar a un acordo, pero para os temas pequenos existen moitas vías que favorecen a multiplicidade de propostas que obrigan moitas veces a eternizarse en laboriosas exposicións, e tardios acordos.

Oriundo da Luaña

D. PELAYO RAIMUNDO**Un ilustre sucesor de Xelmírez**

Compostela pulaba na escura Idade Media por florecer como Centro Cultural e Espiritual de Occidente. A iso contribuíron en gran medida os seus arcebispos como D. PELAYO RAIMUNDO

A elección do Arceidiago de Nendos, Don Pelayo Raimundo — carácter baril e capaz de elevadas empresas— para Sé arcebispal Santiaguesa (agosto, 1153) foi acollida con grande ledicia en Compostela. Exelso-Luañés, exhala na súa sinxela relixiosidade a unción mística, que envolve as altas terras da súa Luaña natal.

“uioño, iusano, ninanes, montem zeanum, goianes, argiones, cornanda... sce Marie de besecio, amaea — Forgiám; Figueirola... sei Iulani de Iuanía... genestoso, regolanés. Melodia de nomes evocadores, que flúe cadenciosa entre as mandas do seu Testamento, 17 de xullo de 1155.

Ainda arzobispo electo, asiste ó Concilio, celebrado en Salamanca, 2 de xaneiro de 1154. Na primavera recibe a consagración episcopal de mans do Papa Anastasio IV, que lle outorga a Bula *In eminenti* —Pazo de Letrán, 8 de abril de 1154— confirmando tódalas prerrogativas da Igrexa de Santiago.

Visita do cardeal Xacinto a Compostela (a. 1154) en calidade de legado pontificio. Importante éxito diplomático de D. Pelayo na delicada cuestión primacial. A Mitra Compostelana —exenta da autoridade do

Papa Adriano IV deroga esta prerrogativa “que o seu antecesor concedera ó Arzobispo de Compostela, Don Pelayo” (Benevento, 9 de febreiro de 1156).

O culto a Santiago recibe no seu breve pontificado un pulo ennobrecedor e magnificante. Abades, Piores da Cidade e da Diócese debían unirse tódolos anos ó Cabido en fervente e grandiosa Pregaria Coral nas Festas do Martirio e Traslación do Apóstolo—25 de xulio e 30 de Nadal— (Constitución do Arzobispo D. Pelayo, a. 1154).

A primeiros de 1155 atópase en Castela. Suscribe con D. Alfonso VII un Privilexio para o Mosteiro de Armenteira e o seu abade San Ero, celebrado na deleitosa lenda do monxe cativado á beira dunha fote polo cantar dun paxariño (Cántiga CII do Rei Sabio) que riza Valle-Inclán en “Aromas de leyenda”.

En febreiro de 1155 toma parte no Concilio, que ten lugar en Valladolid. Encostada na data dun Diploma, suscrito polo Emperador en Tordesillas, hai esta nota: “don Xacinto cardeal de santa romana igrexa celebrou concilio aput vallem oliit (en Valladolid) co emperador don Alfonso, cos seus fillos don Sancho e don Fernando reis, co arzobispo de Toledo don Xoán, todos os bispos do seu imperio”.

Unha Escritura do Mosteiro de Sobrado ofrécenos a última memoria, que temos de D. Pelayo Camundo ou Raimundo, como se di xeralmente. Leva data do 12 de Xaneiro de 1156. Sobre do seu sartego púxose, segundo lectura do P. Risco e outros eruditos, a seguinte inscrición.

HIC IACET PELAGIUS RAIMUNDUS ARCHIEPISCOPUS COMPOSTELLANUS - OBIT ERA CHRISTI MCXCXIII (Finou no ano 1156).

Compostela, que asistía a un gozoso reflorcer tra-la desaparición de Xelmírez (1140) baixo o báculo deste insigne Brionés, caía de novo nuns anos de esvaimento.

(Segundo recentes pescudas de Fletcher R A..., o óbito de D. Pelayo ocorre probablemente entre xuño e setembro de 1155; o nomeamento, na Pascoa de 1153, 19 de abril; a recepción do *Palio*, camiño de Roma; en Montpellier, de mans do cardeal Xacinto, marzo de 1154).

Benito Salvado Martínez



Mosteiro de Sobrado dos Monxes, onde se atopa o sartego de D. Pelayo Raimundo

Primado, arzobispo de Toledo— acadaba a máis alta posición de privilexio ata a morte de D. Pelayo. O Papa Adriano IV deroga esta prerrog-

ARTE EN PEDRA



Tfno. 811704

CRUCEIROS
HORREOS
ESCUDOS
CHEMINEAS
FONTES
BANCOS
ESCULTURAS

FERRETERIA "SANTA MINIA"

Teléfono 88 30 10

José Caramés
Brión (Santa Minia)

Materiais para Construcción e Saneamento, Abonos, Pinturas, Esmaltes, Loza, Cristal, Droguería, Papelería, Obxetos de Escritorio, Traídas de Auga, etc.

AG

- Carpintería aluminio
- Cristalería
- Persianas
- Cristales viselados
- Galerías

Hnos. GENDRA

Fábrica y Oficinas:
BASTAVALES

SANTIAGO

EGOSA

ASFALTOS Y CONSTRUCCIONES, S.A.

OBRAS PUBLICAS
FIRMES ESPECIALES

FORMARIS, S/N

Tº 981-888006 - APTº 1057

SANTIAGO DE COMPOSTELA


PASATEMPOS

CUADROGRAMA

SOLUCIÓNS ÓS ANTERIORES PASATEMPOS.

HORIZONTALAIS

- 1.— Fenómeno eléctrico da atmósfera.
- 2.— Cautiva e seduce.
- 3.— Feitizo.
- 4.— Dise cando ten moita palla e pouco gran-OOL.
- 5.— Remuíño de auga dentro do mar.
- 6.— (Ó revés) Poño fina unha superficie.
- 7.— Pedra de afiar - Principio.
- 8.— Poñer algo máis.



Para cavilar:


A resposta ó problema das trinta pesetas do camarero e que soio lle aparecían 29, é moi fácil. En realidade, non falta ningunha peseta; parece ser así porque plantéxase mal o problema. Efectivamente, cada ún veu pagando nove pesetas polo café que en total fan 27 pesetas. Si lle engadimos a peseta que lles devolveu o camarero a cada ún fan as trinta. Por outra banda a outra suma das trinta pesetas fáise así: dúas pesetas que quedaron para o camarero, máis tres pesetas que lles devolveu ós tres amigos, e máis as vinte e cinco que foron para o dono do bar, fan outra vez as trinta.

VERTICAIS

- 1.— Fago memoria.
- 2.— Resulta gravoso - N.
- 3.— Letras iniciais da matrícula de Segovia - IUL - (Ó revés) Colectivo homosexual.
- 4.— Grupo pequeno de cabras ou ovellas - A.
- 5.— Está contento - Mover as alas - N.
- 6.— Deus do vento - I - (Ó revés) Fase do noso planeta.
- 7.— G - Pronome contracto - (Ó revés) Tranquilidade espiritual - I.
- 8.— OA - (Ó revés) Retoño do carballo.

PARA CAVILAR

De todos é sabido que a Terra é redonda coma unha laranxa. Si un barco saíra do muelle de Muros, cruzase o Océano Atlántico e dése unha volta completa arredor do mundo voltando novamente ó Muelle de Muros ¿Qué punto do barco, ó final, recorrería a maior distancia?.





SANTIAGO DE CHILE, 21 - TELEFONO 59 92 12
SANTIAGO DE COMPOSTELA
MONTAJES ELECTRICOS

MONTAJES DE ALTA E BAIXA TENSION
ESTUDIOS. PROXECTOS E PRESUPOSTOS
CONSERVACIONES, REPARACIONES
E MANTENEMENTOS ELECTRICOS

Construccions

FRAGA

Obras de Albañilería en xeral
BRION



GALLINA BLANCA
PURINA

COMERCIAL AGRICOLA DA MAHIA, S. L.

Telefona 88 32 50

OS ANXELES
BRION



Carpintería - Mobles - Electrodomésticos
Tel. 88 33 33 - **BASTAVALES BRION**
SANTIAGO DE COMPOSTELA

PANADERIA

SERRAMITO

Os Anxeles-Brion
Tel. 88 31 55



ASOCIACION CIVIL
AMIGOS DE SANTIAGO

Restaurante "O' FUMEIRO"

CARACAS - Venezuela

(Concesionario: Juan Fresco Fernández)

PINTURA * DECORACION

SANTIAGO OTERO

TODO EN DROGUERIA PAVIMENTOS - MOQUETAS
PAPELES - MURALES
CORCHO, ETC.

Rosalía de Castro, 14 - bajo
Teléfonos 563713 - 594449

SANTIAGO



Pirotecnia "LOPEZ"

Telefona 88 32 83
LOS ANGELES

SANTIAGO

AUTOS PORTAS

LOS ANGELES-BRION (La Coruña)

Teléfono 88 32 10
SERVICIO OFICIAL

SEAT



Ferretería CASAL, S.L.

Materiais de Construcción-Fontanería-Material eléctrico
Sanitarios - Abonos químicos
Axencia URALITA - Pinturas TITANLUX
Transportes e Sección Calzados

BASTAVALES - SANTIAGO

Mesón - Parrillada

A' Roda

Hospedaje

NOSA ESPECIALIDADE E A CALIDADE

- Parrillada de pescado
- Bacalao á brasa
- Chocos con cachelos
- A cazola
- Coma sempre, chuletóns e carne á brasa
- Viños a elixir

Rodríguez de Viguri, 7
Teléfono 58 70 50 SANTIAGO DE COMPOSTELA



LA VASCO
NAVARRA

SOCIEDAD ANONIMA ESPAÑOLA DE SEGUROS Y REASEGUROS

AXENTE: PABLO OURO ALVAREZ

RUA DO VILAR, 31-1º
TELEFONO: 58 48 91
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Banco Español de Crédito, S. A.

“BANESTO”

A Organización Bancaria, que axiña se poñerá a disposición da comarca da Amaía na nova Sucursal que ten proxectado abrir en BRION - Santa Minia.